

## 1. APECTOS DESTACADOS DA CONVOCATORIA

### **Información dos traballadores dedicados a actuación**

Será necesario informar do grupo profesional do traballador en cada programa e a situación de alta na Seguridade Social.

Para iso é necesario que na xustificación

- a. se inclúa a conformidade do traballador (anexo X) para comprobar seus datos na Seguridade Social. No caso de que o traballador se opoña a consulta deberá aportarse a documentación que acredite estes extremos.
- b. precisar os datos do traballador (nome, dni, **grupo profesional** data e lugar de realización) en cada unha das prestacións subvencionadas. Esta información incluírase no modelo establecido pola Dirección Xeral extraído da aplicación INCLUSIÓN SOCIAL.

### **Período subvencionable**

Os períodos subvencionable estendese desde o 1 de xullo ata o 30 de novembro de 2021 (primeiro período), do 01 de decembro de 2021 ata 30 de novembro de 2022(segundo período) e do 1 de decembro de 2022 ata o **30 abril de 2023** (terceiro período).

### **Programas dirixidos a persoas sen fogar**

<b>Inclusión básica</b>	Dentro deste programa fináncianse as seguintes prestacións as persoas sen fogar.
<b>Transición ao emprego</b>	<p>Igual que a anterior convocatoria é necesario que a persoa beneficiaria perciba as catro prestacións que a Carteira de Servizos de Inclusión considera obrigatorias, cinco na aplicación informática de rexistro Inclusión Social.</p> <p>Tamén se mantén a obriga de que a persoa beneficiaria perciba as cinco prestacións que a Carteira considera obrigatorias para esta sección, seis na aplicación de rexistro Inclusión Social.</p> <p>Entre estas cinco se inclúe as accións promotoras do acceso e permanencia no mercado laboral, con iso se pretende incluír as accións formativas dentro dos itinerarios de inclusión.</p>
<b>Reforzo socioeducativo para</b>	Dirixida o reforzo, orientación e apoio ao alumnado para reforzar a importancia da educación, evitar o abandono prematuro.



<b>menores</b>	Modifícase a documentación da fase de xustificación.
<b>Apoio residencial</b>	Inclúe accións de apoio ás persoas en procesos de inclusión sociolaboral que, debido aos seus baixos ingresos e/ou outros factores de discriminación, teñen dificultades de acceso ou mantemento da estabilidade residencial. Subvenciónanse intermediación inmobiliaria, prevención da discriminación no mercado de a vivenda e acompañamento nos procesos de transición a recursos residenciais estables e a prestación opcional de mediación e resolución de conflitos relacionados coa vivenda
<b>Formación adaptada</b>	Se subvencionan cursos de formación non vinculados a itinerarios cando se trate de cursos de formación dixital ou de adquisición de competencias clave ou preparación da ESO/ESA..
<b>Mediación social e/ou intercultural</b>	Levarase a cabo por persoal especializado en distintos ámbitos e realízase a través do acompañamento ou sensibilización directa no contorno social próximo as persoas

### **Subcontratación do servizo de apoio a inclusión sociolaboral**

Para incentivar a colaboración entre os Concellos e as Entidades de iniciativa social autorizadas, permítese de novo que os Concellos, reservándose o control na xestión das prestacións, poidan utilizar os servizos das Entidades de iniciativa social para que poidan executar algunhas prestacións do servizo de apoio a inclusión, tanto na sección básica como a de transición ao emprego.

Deste xeito nos programas de inclusión poden subcontratar todas as prestacións obrigatorias, salvo a diagnose e a avaliación do proxecto de inclusión.

Requisitos:

- Se a entidade subcontratada é beneficiaria doutras axudas dirixidas a inclusión social, os seus beneficiarios teñen que ser persoas diferentes.
- A contía máxima subcontratada non pode superar o 80% da contía concedida
- Si a contía subcontrada supera o 20% do total ou é superior a 60.000€ debe contar coa autorización previa da Dirección Xeral de Inclusión Social.

O resto das prestacións subvencionadas non poden subcontratarse, se ben non se consideran gastos subcontratados os que teña que incorrer a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actuación subvencionada, tales como a contratación de persoal monitor, aluguer de instalacións para a realización das actuacións e/ou gastos de subministracións relacionadas con elas.

**Incremento da contía máxima a conceder na prestación de inclusión e transición ao emprego dentro do programas dirixidos á inclusión social de persoas en situación ou risco de exclusión social**

Nesta convocatoria pode tamén solicitarse financiamento para persoal técnico cun máximo de 6.306 horas para todo o período subvencionable coa séquente distribución:

- Horas máximas primeiro período, 1.433
- Horas máximas segundo período, 3.440
- Horas máximas terceiro período, 1.433

## 2. Cadro xeral de prestacións dos programas subvencionados.

Prestacións	Contía módulo €/hora	Requisitos específicos
Prestacións comúns a todos os programas	Prestacións do servizo de apoio á inclusión básica	22,968  Para percibir a totalidade da subvención é necesario atender 73 persoas, das cales o 60% deben ter realizadas o menos as prestacións que a Carteira de Servicios Sociais de Inclusión considera obrigatoria. Si acredita menos persoas atendidas reducirase proporcionalmente a axuda.
	Prestacións do servizo de apoio a inclusión e transición ao emprego	26,796  Nos programas dirixidos á inclusión social de persoas en situación de risco de exclusión de transición ao emprego, para alcanzar a financiación máxima prevista de 6.306 horas, é necesario atender a 140 persoas, das cales un 60% deben ter realizadas as prestacións

		obrigatorias.	
		No caso de que as persoas atendidas sexan persoas sen fogar o en situación de exclusión severa, exige unha atención de 28 persoas.	
	Prestación de reforzo educativo para menores	26,796	
	Prestacións de formación adaptada	26,796	
	Prestación de apoio á inclusión residencial	22,968	
<b>Programas específicas dirixidas a inclusión social da poboación inmigrante</b>	Prestacións de mediación social e/ou intercultural	20,472	
	Accións formativas de alfabetización e competencia oral nas linguas oficiais de Galicia.	26,796	O menos 5 participantes ten que acreditar a asistencia como mínimo ao 60% das horas da acción formativa.
	Accións formativas dirixidas ao coñecemento dos valores e características da sociedades de acollida..	26,796	O menos 5 participantes ten que ter acreditada a asistencia como mínimo ao 60% das horas da acción formativa.

	Asesoramento técnico especializado en materias propias de estranxeiría	22.968
<b>Programas específicos dirixidos a persoas sen fogar</b>	Prestacións de mediación social e/ou intercultural	20,472
<b>Programas complementarios dirixidos a educación e apoio familiar dirixidos a familias en situación ou risco de exclusión social.</b>		22.968

- Contía máxima por programa: 165.000 para todo o período.
- En caso de mancomunidades ou fusión de concellos o limite se aplicará por cada programa e concello que forme parte da mancomunidade ou fusión de concellos.
- Nos programas dirixidos á inclusión sociolaboral na modalidade de **transición ao emprego** dirixidos a persoas en risco de exclusión social a contía máxima a financiar e de 249.509 €.

### 3. Cualificación profesional do persoal que presta servizos

Nas actuacións subvencionadas con FSE é necesario que os profesionais que presten os servizos reúnan as cualificacións profesionais previstas no vixente convenio colectivo estatal de acción e intervención social.

Titulación	Prestación a desenvolver
Titulado universitario ou superior de FP, cunha dilatada experiencia profesional e/ou formación especializada. O coñecementos adquiridos no desempeño da súa profesión complementados con formación específica no posto de traballo que sexa equivalente á titulación referida. En todo caso, respectarase as esixencias de titulación específica para o desempeño da súa profesión, en todos os postos que así estea establecido pola normativa legal.	Apoio a inclusión sociolaboral básica e de transición ao emprego.  Módulo de formación adaptada.  Módulo de reforzo escolar  Módulo de apoio á inclusión residencial  Módulo de educación e apoio familiar
Técnico con formación profesional superior de grado medio, o formación académica equivalente, complementada con coñecementos adquiridos por demostrada experiencia no seu posto de traballo en mediación intercultural	Mediación social e/ou intercultural.
Graduado en dereito	Módulo de asesoramento técnico especializado no ámbito normativo en materia de estranxeiría.

